

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dunha valoración de discapacidade

Expediente: G.6.Q/22200/17

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de ■■■■■ debido ao retraso dunha valoración de discapacidade.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que o 23 de novembro de 2016 presentou, en representación do seu pai, ■■■■■ o impreso regulamentario para o recoñecemento de grao de discapacidade (Rexistro 165667/RX3035699). Solicitábase o recoñecemento de discapacidade física e psíquica debida a unha deterioración cognitiva severa. Achegábanse informes médicos de facultativos dos servizos médicos de POVISA que lle atenden e no que se pode consultar a súa historia clínica. Transcorridos máis de 8 meses desde a solicitude non se recibiu contestación, nin para a cita nin para ofrecer unha explicación ou informar do tempo estimado de demora.

O Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social sinala, art. 1, que o seu obxecto é "garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato, así como o exercicio real e efectivo de dereitos por parte das persoas con discapacidade en igualdade de condicións respecto do resto de cidadáns e cidadás, a través da promoción da autonomía persoal, da accesibilidade universal, do acceso ao emprego, da inclusión na comunidade e a vida independente e da erradicación de toda forma de discriminación (...) ". Dificilmente pode un discapacitado exercer tales dereitos recoñecidos na lei se a súa discapacidade non é recoñecida nun prazo de tempo razoable.

Os certificados médicos achegados constitúen unha presunción da real existencia dunha discapacidade, cuxo alcance e grao só pode determinar a administración previo recoñecemento polo Equipo de valoración e orientación (EVO).

O atraso leva, por exemplo, a que non poida solicitar o "cartón de estacionamento para persoas con discapacidade"; o Concello de Vigo esixe achega do certificado. Non parece necesario resaltar a dificultade que pode supoñer para unha persoa con mobilidade reducida e capacidades cognitivas diminuídas acceder, por exemplo, a unha consulta médica sen que a persoa que o acompaña poida estacionar o seu vehículo nas prazas reservadas para o efecto para discapacitados. Tendo en conta a práctica imposibilidade de uso do transporte público que obriga a utilizar o vehículo particular, adaptado para o efecto, para o transporte desta persoa.

Sirva o anterior a modo de exemplo sinxelo dos prexuízos que o atraso inexplicable na fixación da cita para a realización do recoñecemento médico está a provocar a unha persoa que áchase nunha situación de discapacidade. En conclusión, "estanse conculcando os dereitos constitucional e legalmente recoñecidos..."

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

"█████ non acredita a representación legal, nin tutoría, nin convivencia co interesado. A Sección de Cualificación e Valoración das Discapacidade de Vigo informa que o expediente de █████ foi clasificado dende un criterio técnico como de natureza mixta polo que será necesario que o solicitante sexa recoñecido por tres profesionais: o traballador social (30 minutos de atención), o médico (30 minutos de atención) e o psicólogo (60 minutos de atención).

█████ non acredita de forma documental ningún motivo de urxencia na solicitude de valoración da súa situación de discapacidade. Os motivos regrados de prioridade son: a) os menores de 18 anos; b) os maiores de 90 anos; c) as solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos; d) o acceso ao emprego e ás ensinanzas regradas onde exista reserva de praza para persoas con Discapacidade; f) a existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, sobre violencia de xénero; e g) as pensións non contributivas/prestacións por fillo a cargo, condicionadas ao cumprimento previo dos demais requisitos esixibles.

Como o seu expediente é unha valoración inicial de tramitación ordinaria a data previsible para programar a súa cita está establecida para o mes de setembro do 2018.

O incremento exponencial nos últimos anos do número de solicitudes que se reciben na Sección de Cualificación e Valoración das Discapacidades de Vigo e a demora que se está

producindo na tramitación dos expedientes motivou que dende os servizos centrais da Consellería de Política Social se implementara unha serie de medidas co obxectivo de solucionar esta situación; entre outras, o reforzo con técnicos doutras unidades administrativas, a contratación por acumulación de tarefas de varios equipos de valoración, a actualización da formación do persoal implicado no desenvolvemento deste procedemento de cara a mellorar a súa competencia profesional, o acceso por parte dos técnicos dos equipos de valoración ao IANUSS e o establecemento de criterios orientados á axilización deste procedemento.

Esperamos que estas medidas permitan axilizar a tramitación dos expedientes de valoración acadando períodos máis curtos de espera”.

ANÁLISE

1. Coa información achegada confírmase o expresado na queixa. O procedemento se atopa retrasado; iniciouse en novembro de 2016 e non se resolverá (previsiblemente) ata setembro de 2018, segundo se enuncia, co que a demora chegaría a case dous anos.
2. A situación de atraso nas valoracións e resolucións dos expedientes de recoñecemento de situación de discapacidade é coñecida a través deste e doutros expedientes, e, como pode apreciarse, o problema continúa, sen que se dera solución. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas, que prexudican os cidadáns afectados.
3. Estes problemas foron tratados en diferentes informes ao Parlamento e seguen sen solución, como o demostra a presente queixa. A consellería adoita alegar que os atrasos non producen efectos prexudiciais debido a que as consecuencias das valoracións se retrotraen á data da solicitude. Porén, comprobamos que en moitos casos teñen efectos prexudiciais.
4. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o

establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva o expediente obxecto da queixa, relativo á valoración e recoñecemento dunha situación de discapacidade, posto que se atopa atrasado, de tal maneira que non se produzan demoras prexudiciais; que se avalíen e aporten os resultados das medidas adoptadas para solucionar os numerosos retrasos neste tipo de valoracións.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución, incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo